



A Guarda, a 11 de novembro de 2020

O Concello da Guarda organiza o Mercado de Nadal do 4 de decembro de 2020 ao 5 de xaneiro de 2021 coincidindo coa campaña de comercio e cultural adicada ao Nadal.

A continuación defínese a organización do Mercado de Nadal coas esixencias que serán de obrigado cumprimento:

- Poderán participar postos de artesanía, comercio e de alimentación. Non se aceptan postos de revenda ou de segunda man.
- A participación é gratuíta para o interesado.
- En función do número de solicitudes aceptadas realizarase un reparto das quendas previstas mediante sorteo.
- Quendas de participación:
 1. Do venres 4 ao sábado 12 de decembro. 8 días en total co festivo do 8 de decembro incluído.
 2. Do luns 14 ao sábado 19 de decembro. 6 días en total.
 3. Do luns 21 ao sábado 26 de decembro. 5 días en total. O 25 de decembro non se abrirá o mercado.
 4. Do luns 28 de decembro ao 5 de xaneiro. 7 días en total. O 1 de xaneiro non se abrirá o mercado (excepto o domingo 3 de xaneiro)
- É obrigatorio participar nos días e horarios que lle sexan concedidos.
- O horario previsto: 10:00 a 13:30 / 17:00 a 20:00h.
- **O Concello facilita un posto de madeira que permanecerá pechado fora do horario establecido.**
- A solicitude para a participación no Mercado de Nadal implica a aceptación das presentes bases.
- **Os interesados presentarán no rexistro municipal unha instancia xeral coa indicación de "Mercado de nadal"** cos datos de contacto. Ademais incluírán unha descrición dos produtos a venda e copia da documentación en vigor.
- **Prazo de entrega das solicitudes: venres, 20 de novembro de 2020**
- Posteriormente poderáselles requirir documentación para verificar os datos que aporta na solicitude.
- No caso de que o número de solicitudes será superior as prazas dispoñibles terase en conta a data da presentación da solicitude no rexistro municipal.
- O Concello da Guarda como organizador pode modificar as condicións sendo comunicadas previamente aos participantes.